



## INFORME DE INTERVENCIÓN

---

**Asunto:** Informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 31 de decembro de 2017, aos efectos de subministración de información do estado de execución do 4º trimestre, ao Ministerio de Facenda e Administración Públicas.

En cumprimento do artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro (en adiante Orden), pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante LOE), emítase o presente informe de avaliación do cumprimento de obxectivos da LOE para o cuarto trimestre de 2017, da Deputación Provincial de Lugo e dos seus entes dependentes, constituídos por:

- Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento (en adiante Consorcio de Bombeiros)
- Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (en adiante SUPLUSA)
- Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (en adiante Fundación TIC)

A análise refírese ao cumprimento dos seguintes obxectivos:

- Estabilidade orzamentaria a 31 de decembro de 2017.
- Regra de gasto a 31 de decembro de 2017.
- Débeda pública a 31 de decembro de 2017.
- Período medio de pago no 4º trimestre de 2017 e no mes de decembro de 2017.

O contido da información subministrada relativa á Deputación de Lugo e os seus entes dependentes é a seguinte:

### 1. Comunicación trimestral dos datos individualizados por Entidades.

Datos orzamentarios:

Resumen clasif. Económica.



Desglose ingresos correntes.  
Desglose Ingresos de capital e financeiros.  
Desglose gastos correntes.  
Desglose de operacións de capital e financeiras.  
Remanente de tesourería.  
Calendario e orzamento de Tesourería  
Resumo do estado de execución do orzamento.  
Dotación de plantillas e retribucións.  
Débeda viva e vencemento mensual previsto no próximo trimestre.  
Perfil de vencemento da débeda nos próximos 10 anos.  
Pasivos contingentes.  
Beneficios fiscais e o seu impacto na recadación.

### Anexos información:

- F.1.1.B1 Axustes informe de avaliación para relacionar ingresos/gastos con normas SEC.
- F.1.1.B2 Información para a aplicación da Regra do Gasto
- A.1. Xuros e rendementos devengados no exercicio (gastos)
- A.3. Xuros de operacións con outras AAPP
- A.4. Avais da entidade.
- A.5. Fluxos internos.
- B.1. Alleamento de accións e participacións
- B.2. Inversións efectuadas por empresas públicas por conta da entidade local
- B.3. Adquisicións de accións e participacións
- B.4. Operacións atípicas (sen movementos no periodo)
- B.5. Movementos conta "acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento"
- B.6. Contratos de arrendamento financeiro
- B.7. Asociacións público-privadas
- B.8. Compraventa a prazos
- B.9. Movementos conta "acreedores por devolución de ingresos"



- B.10. Xuros e rendementos devengados (ingresos).
- B.11. Cambios normativos que supoñen variacións permanentes de recadación.
- B.12. Detalle dos gastos financiados con fondos da UE ou doutras AAPP
- B.13. Contratos sale and lease-back
- B.14. Prestamos fallidos concedidos en el periodo.
- B.15. Medidas de racionalización.

## 2. Axustes ao Sistema de Contas Europeo aplicables ao Grupo de Entidades da Corporación.

- 2.1 Axustes por operacións internas entre entidades.

## 3. Informe de avaliación grupo Administracións Públicas.

- 3.0. Datos xerais do informe de avaliación.
- 3.2. Resumo análise estabilidade orzamentaria
- 3.3. resumo análise Regra do Gasto.
- 3.4. Informe do nivel de débeda viva ao final do periodo actualizado.

Con data 31 de xaneiro de 2018 cumpriuse coa obriga de comunicación da información do cuarto trimestre de 2017 contemplada na Orden, a través da plataforma web habilitada ao efecto polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dentro do prazo establecido polo propio Ministerio (achégase copia impresa dos formularios remitidos).

Do presente informe darase conta ao Pleno da Deputación.

## **1. AVALIACION ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E REGRA DE GASTO, DÉBEDA PÚBLICA E PERIODO MEDIO DE PAGO, SOBRE A LIQUIDACIÓN A NIVEL CONSOLIDADO A 31 DE DECEMBRO DE 2017**

### **I) ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E REGRA DO GASTO:**



## DEPUTACIÓN DE LUGO

Realízase a consolidación dos datos contidos nas liquidacións provisionais dos orzamentos a 31 de decembro de 2017 da propia Deputación Provincial, do Consorcio de bombeiros e das contas anuais provisionais de SUPLUSA e da Fundación TIC.

De conformidade co disposto no artigo 115 do R.D. 500/90, para efectuar a consolidación dos orzamentos anteriores, deberán harmonizarse os estados de gastos e ingresos eliminando as operacións internas.

Os axustes que proceden por **eliminación das operacións internas** serían:

a) Dedución por transferencias correntes da Deputación de Lugo ata 31 de decembro de 2017 a:

1. Consorcio de bombeiros (achega ordinaria) .....	2.060.425,80
2. SUPLUSA (achega ordinaria) .....	1.955.456,86
3. SUPLUSA (achega finalista C.A.M. 2016).....	166.912,70
4. SUPLUSA (achega finalista Escola piragüismo 2016) .....	25.756,76
5. SUPLUSA (achega finalista espazos verdes tit. prov. 2016).....	75.780,78
6. Fundación TIC (achega ordinaria) .....	1.616.868,37
7. Fundación TIC (achega finalista).....	86.199,13
<b>Total transferencias correntes.....</b>	<b>5.987.400,40</b>

b) Dedución por gastos correntes da Deputación ata 31 de decembro de 2017 a:

1. SUPLUSA (achega finalista rutas fluviais 2016) .....	604.161,11
<b>Total gastos correntes.....</b>	<b>604.161,11</b>

<b>Total achegas ordinarias.....</b>	<b>5.632.751,03</b>
<b>Total achegas finalistas.....</b>	<b>958.810,48</b>
<b>Total.....</b>	<b>6.591.561,51</b>



▪ Deputación Provincial de Lugo:

A liquidación provisional a 31 de decembro de 2017, é a seguinte:

LIQUIDACION PROVISIONAL DEPUTACION DE LUGO A 31 DE DECEMBRO DE 2017

		PREV. DEFINITIVA A 31-12-17	DRN A 31/12/2017	RECAUD. LIQUIDA CORRENTE	RECADAC. LÍQUIDA CERRADOS
INGRESOS	CAP. 1	5.286.416,47	4.960.334,35	4.643.031,63	264.363,83
	CAP. 2	4.559.972,71	4.678.775,28	4.285.252,55	381.253,26
	CAP. 3	1.830.352,92	2.186.858,24	2.127.432,00	99.724,32
	CAP. 4	67.491.332,33	66.962.182,70	61.551.955,29	5.405.353,03
	CAP. 5	130.000,00	113.689,64	100.470,71	12.557,11
	CAP. 6	0,00	50.544,54	50.544,54	145.197,74
	CAP. 7	2.576.187,35	1.070.329,38	1.055.809,38	39.122,83
	CAP. 8	48.944.230,55	142.449,00	142.449,00	0,00
	CAP. 9	15.000.000,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	145.818.492,33	80.165.163,13	73.956.945,10	6.347.572,12
		PREV. DEFINITIVA A 31-12-2017	ORN A 31-12-2017	PAGOS LÍQUIDOS CORRENTE	PAGOS LÍQUIDOS CERRADOS
GASTOS	CAP. 1	22.493.358,72	20.908.690,77	19.951.463,35	892.318,61
	CAP. 2	18.301.559,79	13.133.168,78	12.263.270,41	1.041.011,45
	CAP. 3	18.777,83	2.652,01	2.652,01	0,00
	CAP. 4	30.593.539,91	18.562.268,74	16.252.216,47	2.849.974,70
	CAP. 5	300.000,00	0,00	0,00	0,00
	CAP. 6	43.922.607,24	12.466.557,30	11.961.888,20	454.802,33
	CAP. 7	29.570.415,28	16.467.253,81	14.009.514,48	4.034.102,42
	CAP. 8	504.769,23	234.269,23	122.000,00	0,00
	CAP. 9	113.464,33	113.464,33	113.464,33	0,00
	TOTAL	145.818.492,33	81.888.324,97	74.676.469,25	9.272.209,51

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCIERO:

TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	80.022.714,13
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	81.540.591,41
(-) NECESIDADE /(+ ) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	-1.517.877,28

É preciso a realización dos seguintes axustes para adaptar os importes da estimación da liquidación á contabilidade nacional:

1. **Rexistro en contabilidade nacional dos impostos, cotizacións sociais, taxas e outros ingresos:** para os ingresos contabilizados nos capítulos I, II e III (agás os conceptos relativos a cesión de tributos estatais) do orzamento de ingresos, utilízase o criterio de caixa de cada exercicio, sexa do exercicio corrente ou de exercicios pechados. Deste xeito obtemos os seguintes importes:

	CAP 1	CAP 2	CAP 3
- Dereitos recoñecidos netos	2.220.338,29	0,00	2.186.858,24
- Recad. líquida (ex. corrente e pechados)	2.197.993,97	0,00	2.227.156,32
<b>Axuste (maior déficit en cont. nacional)</b>	<b>22.344,32</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>Axuste (menor déficit en cont. nacional)</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>40.298,08</b>

2. Tratamento **das entregas a conta de impostos cedidos, do fondo complementario de financiamento e do fondo de financiamento de asistencia sanitaria:** en contabilidade nacional estes pagos rexístranse no período no que se pagan, e a liquidación definitiva resultante, no momento en que se determina a súa contía e se satisfai. Os dereitos recoñecidos netos previstos destes conceptos correspóndense coas entregas a conta mensuais (xaneiro a decembro de 2017), a liquidación definitiva de 2014 ( 355.630,66 €) e 2015 (2.231.500,55 €) e as devolucións das liquidacións definitivas da participación das entidades locais en tributos do Estado correspondente aos anos 2008 e 2009 . Coa finalidade de non incluír no cálculo o efecto das liquidacións definitivas da participación das entidades locais en tributos do Estado correspondente aos anos 2008 e 2009, tal e como se indica no acordo da Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal, da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL) e na plataforma da oficina virtual da entidades locais do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación á información a comunicar para o cumprimento das obrigas contempladas na Orden HAP/2015/2012, de 1 de outubro en relación ás información trimestrais de 2017 realízase o seguinte axuste:

- Axuste por liq. PTE 2008 (menor déficit en contabilidade nacional).....195.214,68 €
- Axuste por liq. PTE 2009 (menor déficit en contabilidade nacional).....814.870,80 €

- 3 **Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea:** Nos ingresos obtidos pola corporación como destinataria final dos fondos comunitarios, ao xestionar proxectos cofinanciados pola Unión Europea, o momento do recoñecemento dos fondos en contabilidade nacional é o da remisión pola



Corporación da certificación do gasto ás unidades administradoras, é dicir, o importe resultante de aplicar a porcentaxe de financiamento que corresponda co gasto certificado e remitido á unidade administradora. Durante o exercicio 2017 reconeceuse o dereito e recadouse un anticipo do proxecto “LIFE 2016 - Natureza Life in Common Land” no habendo certificacións de gasto remitidas á unidade financiadora, polo que é preciso a realización do seguinte axuste:

- Axuste (maior déficit en contabilidade nacional)..... -110.277,30 €

4. **Tratamento dos xuros en contabilidade nacional:** rexe o principio de devengo, de xeito que deberán incorporarse os xuros devengados no exercicio 2017, tanto vencidos como non vencidos. A distribución por exercicios das obrigas recoñecidas por xuros na liquidación de gastos no citado período é a seguinte:

APLICACIÓN	CONTABILIDADE ORZAMENTARIA (CAP. 3)	DEVENGADOS EN 2017	DEVENGADOS EN 2016 E ANT.	CONTABILIDADE NACIONAL	AXUSTE ( + MENOR DÉFICIT / - MAIOR DÉFICIT)
1720.352	616,11	0,00	616,11	0,00	616,11
4500.352	133,61	1,38	132,23	1,38	132,23
9320.352	1.740,57	309,46	1.431,11	309,46	1.431,11
9340.352	161,72	65,00	96,72	65,00	96,72
<b>TOTAL</b>	<b>2.652,01</b>	<b>375,84</b>	<b>2.276,17</b>	<b>375,84</b>	<b>2.276,17</b>

- 5 **Arrendamentos financeiros:** Contabilizase orzamentariamente cada ano a amortización no capítulo 6 e o gasto financeiro no capítulo 3. Non existen contratos de arrendamentos financeiro vixentes no exercicio polo que non é preciso a realización de ningún axuste.
- 6 **Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da corporación local:** A conta 413 “Acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento” recolle as obrigas derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos, para os que non se produciu a aplicación ao orzamento. Estaríamos ante obrigas respecto as que, non dictándose o correspondente acto formal de recoñecemento e liquidación, derivanse de bens e servizos, conformados ou non, e presuntamente recibidos, toda vez que existe documento xustificativo.



O saldo da conta 413 ao final do exercicio é menor co inicial nun importe de 1.910.800,03 €, o que dará lugar a un axuste como menor gasto non financeiro en contabilidade nacional, diminuindo o déficit da corporación.

- Axuste (menor déficit en contabilidade nacional).....1.910.800,03 €

7 Non existen investimentos realizados polo sistema de “abono total do prezo” ou realizados por conta da Deputación, nin percepción de dividendos ou participación en beneficios. Tampouco houbo operacións de permuta financeira, nin operacións de execución e reintegro de avais, nin aportacións de capital a empresas públicas no exercicio, nin asunción ou cancelación de débedas de empresas públicas provinciais.





**ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NA LIQUIDACION PROVISIONAL A 31 DE DECEMBRO DE 2017  
S/ CONTABILIDADE NACIONAL**

<b>SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO:</b>		<b>DEPUTACIÓN</b>
<b>TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7)</b>		<b>80.022.714,13</b>
<b>TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7)</b>		<b>81.540.591,41</b>
<b>(-) NECESIDADE / (+) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO</b>		<b>- 1.517.877,28</b>
GR000	Axuste por recadación ingresos capítulo 1	-22.344,32
GR000b	Axuste por recadación ingresos capítulo 2	0,00
GR000c	Axuste por recadación ingresos capítulo 3	40.298,08
GR001	(+) Axuste por liquidación PTE- 2008	195.214,68
GR002	(+) Axuste por liquidación PTE- 2009	814.870,80
GR002b	(+/-) Axuste por liquidación PTE ejercicios distintos a 2008 y 2009	0,00
GR006	Xuros	2.276,17
GR006b	Diferenzas de cambio	0,00
GR015	(+/-) Axuste por grao de execución do gasto	0,00
GR009	Invers. realizadas por conta da Corporación	0,00
GR004	Ingresos por alleamentos de accións (privatizacións)	0,00
GR003	Dividendos e participacións en beneficios	0,00
GR016	Ingresos obtidos do pto. da Unión Europea	-110.277,30
GR017	Operacións de permuta financeira (SWAPS)	0,00
GR018	Operacións de reintegro e execución de avais	0,00
GR012	Aportacións de capital	0,00
GR013	Asunción e cancelación de débedas	0,00
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	1.910.800,03
GR008	Adquisicións con pago aprazado	0,00
GR008a	Arrendamento financeiro	0,00
GR008b	Contratos de asociación público privada (APP's)	0,00
GR010	Inversións realizadas pola corporación local por conta doutra Administración Pública	0,00
GR019	Préstamos	0,00
GR020	Devolucións de ingresos pendentes de aplicar a presupuesto	-84.246,48
GR021	Consolidación de transferencias con outras AAPP	0,00
GR099	Outros	0,00
<b>Total de axustes ao orzamento da Entidade</b>		<b>2.746.591,66</b>
<b>(-) NECESIDADE / (+) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO AXUSTADO</b>		<b>1.228.714,38</b>



## APLICACIÓN DA REGRA DO GASTO NA LIQUIDACIÓN PROVISIONAL A 31 DE DECEMBRO DE 2017 S/ CONTABILIDADE NACIONAL

(Importes en €)

Concepto	Liquidación provisional 2017	Observacións
<b>Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos (excluídos gts. Financeiros)</b>	<b>81.537.939,40</b>	
<b>AXUSTES Cálculo empregos non financeiros según o SEC</b>	<b>-1.910.800,03</b>	
(-) Alleamento de terreos e demais inversións reais.	0,00	
(+/-) Inversións realizadas por conta da Corporación Local	0,00	
(+/-) Execución de avais.	0,00	
(+) Aportacións de capital.	0,00	
(+/-) Asunción e cancelación de débedas.	0,00	
(+/-) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento.	-1.910.800,03	
(+/-) Pagos a socios privados realizados no marco das asociacións público privadas.	0,00	
(+/-) Adquisicións con pago aprazado.	0,00	
(+/-) Arrendamento financeiro.	0,00	
(+) Préstamos.	0,00	
(-) Mecanismo extraordinario de pago provedores 2012	0,00	
(-) Inversións realizadas pola Corporación local por conta doutra Administración Pública	0,00	
(+/-) Axuste por grao de execución do gasto	0,00	
Outros (Especificar)	0,00	
<b>Empregos non financeiros terminos SEC excepto xuros da débeda</b>	<b>79.627.139,37</b>	
(-) Pagos por transf. (e outras op. internas) a outras entidades que integran a Corp. Local	-6.591.561,61	
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras AAPP	-1.249.705,07	
Union Europea	-10.657,20	
Estado	-77.455,50	
Comunidade Autónoma	-240.934,97	
Diputacións	0,00	
Outras Administracións Públicas	-920.657,40	
<b>Total do gasto computable do exercicio</b>	<b>71.785.872,69</b>	
(+/-) Incrementos/disminucións de recadacion por cambios normativos	-610.646,05	
(-)Disminución gasto computable por inv. Financeiramente sustentables (1)	-3.153.897,29	
<b>Límite da regra de gasto para 2017 s/ PEF 2016-2017</b>	<b>67.339.573,76</b>	
<b>Diferenza entre o "límite da regra de gasto para 2017 s/ PEF 2016-2017" e "gasto computable liquidación 2017"</b>	<b>-1.903.047,69</b>	



▪ Consorcio de bombeiros:

LIQUIDACIÓN PROVISIONAL CONSORCIO BOMBEIROS A 31 DE DICIEMBRE DE 2017

		PREV. DEFINITIVA	DRN A 31/12/2017	RECADACIÓN LÍQUIDA	RECADACIÓN LÍQUIDA CERRADOS
I N G R E S O S	CAP. 1	0,00	0,00	0,00	0,00
	CAP. 2	0,00	0,00	0,00	0,00
	CAP. 3	774.100,00	858.648,02	858.648,02	0,00
	CAP. 4	4.120.851,60	4.120.851,60	3.949.149,45	0,00
	CAP. 5	100,00	248,80	248,80	0,00
	CAP. 6	0,00	0,00	0,00	0,00
	CAP. 7	0,00	0,00	0,00	152.640,96
	CAP. 8	0,00	0,00	0,00	0,00
	CAP. 9	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	4.895.051,60	4.979.748,42	4.808.046,27	152.640,96

		PREV. DEFINITIVA	ORN A 31/12/2017	PAGOS LÍQUIDOS	PAGOS LÍQUIDOS CERRADOS
G A S T O S	CAP. 1	80.451,34	27.865,93	26.675,28	0,00
	CAP. 2	4.814.500,26	4.704.858,98	4.691.405,08	393.948,79
	CAP. 3	100,00	0,00	0,00	0,00
	CAP. 4	0,00	0,00	0,00	0,00
	CAP. 6	0,00	0,00	0,00	0,00
	CAP. 7	0,00	0,00	0,00	0,00
	CAP. 8	0,00	0,00	0,00	0,00
	CAP. 9	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	4.895.051,60	4.732.724,91	4.718.080,36	393.948,79

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO:

TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	4.979.748,42
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	4.732.724,91
NECESIDADE / CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	247.023,51



É preciso a realización dos seguintes axustes para adaptar os importes da liquidación provisional á contabilidade nacional:

**1 Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da corporación local:** : A conta 413 “Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento” recolle as obrigas derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos, para os que non se produciu a aplicación ao orzamento. Estaríamos ante obrigas respecto as que, non dictándose o correspondente acto formal de recoñecemento e liquidación, derivanse de bens e servizos, conformados ou non, e presuntamente recibidos, toda vez que existe documento xustificativo.

O saldo da conta 413 ao final do exercicio é maior co inicial nun importe de 8.150,91 €, o que dará lugar a un axuste como maior gasto non financeiro en contabilidade nacional, aumentando o déficit da corporación.

- Axuste (maior déficit en contabilidade nacional).....8.150,91 €



## ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NA LIQUIDACIÓN PROVISIONAL A 31 DE DECEMBRO DE 2017 S/ CONTABILIDADE NACIONAL

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO:		CONSORCIO BOMBEROS
TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7)		4.979.748,42
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7)		4.732.724,91
<b>(-) NECESIDADE / (+) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO</b>		<b>247.023,51</b>
GR000	Axuste por recadación ingresos capítulo 1	0,00
GR000b	Axuste por recadación ingresos capítulo 2	0,00
GR000c	Axuste por recadación ingresos capítulo 3	0,00
GR001	(+) Axuste por liquidación PTE - 2008	0,00
GR002	(+) Axuste por liquidación PTE - 2008	0,00
GR002b	(+/-) Axuste por liquidación PTE exercicios distintos a 2008 y 2009	0,00
GR006	Xuros	0,00
GR006b	Diferenzas de cambio	0,00
GR015	(+/-) Axuste por grao de execución do gasto	-8150,91
GR009	Invers. realizadas por conta da Corp.	0,00
GR004	Ingresos por alleamentos de accións (privatizacións)	0,00
GR003	Dividendos e participación en beneficios	0,00
GR016	Ingresos obtidos do orzamento da Union Europea	0,00
GR017	Operacións de permuta financeira (SWAPS)	0,00
GR018	Operacións de reintegro e execución de avais	0,00
GR012	Aportacións de capital	0,00
GR013	Asunción e cancelación de débedas	0,00
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	0,00
GR008	Adquisicións con pago aprazado	0,00
GR008a	Arrendamento financeiro	0,00
GR008b	Contratos de asociación publico privada (APP's)	0,00
GR010	Inversións realizadas pola corporación local por conta doutra Administración Publica	0,00
GR019	Préstamos	0,00
GR020	Devolucións de ingresos pendentes de aplicar a presupuesto	0,00
GR021	Consolidación transferencias con outras AAPP	0,00
GR099	Outros (Transferencias entre AAPP)	0,00
<b>Total de axustes ao orzamento da Entidade</b>		<b>-8.150,91</b>
<b>(-) NECESIDADE / (+) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO AXUSTADO</b>		<b>238.872,60</b>



APLICACIÓN DA REGRA DO GASTO NA LIQUIDACIÓN PROVISIONAL A 31 DE DECEMBRO DE 2017 S/ CONTABILIDADE NACIONAL

(importes en €)

Concepto	Liquidación provisional 2017	Observacións
<b>Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos (excluídos gts. Financeiros)</b>	<b>4.732.724,91</b>	
AXUSTES Cálculo empregos non financeiros según o SEC	8.150,00	
(-) Alleamento de terrenos e demais inversións reais.	0,00	
(+/-) Inversións realizadas por conta da Corporación Local.	0,00	
(+/-) Execución de avais.	0,00	
(+) Aportacións de capital.	0,00	
(+/-) Asunción e cancelación de débedas.	0,00	
(+/-) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	8.150,00	
(+/-) Pagos a socios privados realizados no marco das asociacións público privadas.	0,00	
(+/-) Adquisicións con pago aprazado.	0,00	
(+/-) Arrendamento financeiro.	0,00	
(+) Préstamos.	0,00	
(-) Mecanismo extraordinario de pago provedores 2012	0,00	
(-) Inversións realizadas pola Corporación local por conta doutra Administración Pública	0,00	
(+/-) Axuste por grao de execución do gasto	0,00	
Outros (Especificar)	0,00	
<b>Empregos non financeiros términos SEC excepto xuros da débeda</b>	<b>4.740.874,91</b>	
(-) Pagos por transf. (e outras op. internas) a outras entidades que integran a Corp. Local	0,00	
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras AAPP	0,00	
Unión Europea	0,00	
Estado	0,00	
Comunidade Autónoma	0,00	
Deputacións	0,00	
Outras Administracións Públicas	0,00	
(-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiamento	0,00	
<b>Total de gasto computable do exercicio</b>	<b>4.740.874,91</b>	
(+/-) Incrementos/disminucións de recadación por cambios normativos	0,00	
<b>Límite da regra de gasto 2017 s/ PEF 2016-2017</b>	<b>4.849.273,01</b>	
<b>Diferenza entre o "límite da regra de gasto 2017 S/ pef 2016-2017" e "gasto computable liquidación 2016"</b>	<b>108.398,10</b>	

▪ **Fundación TIC:**

As contas anuais provisionais a 31 de decembro de 2017, son como sigue:

<b>FUNDACIÓN TIC</b>	<b>PREVISIÓNS INICIAIS 2017</b>	<b>SITUACIÓN FIN TRIMESTRE VENCIDO</b>	<b>31/12/2016</b>
<b>ORZAMENTO DE EXPLOTACION</b>			
<b>ACTIVO</b>			
<b>A) EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>			
1. Ingresos pola actividade propia	1.793.068,37	1.811.190,41	1.858.897,71
1x. Alleamentos e outros ingresos da actividade mercantil	0,00	0,00	0,00
2. Gastos por axudas e outros	-80.000,00	-54.591,01	-43.117,66
3. Variación de existencias de ptos. terminados e en curso	0,00	0,00	0,00
4. Traballos realizados pola empresa para o seu activo	0,00	0,00	0,00
5. Aprovisionamentos	-20.000,00	-29.038,94	-28.185,22
6. Outros ingresos da actividade	0,00	0,00	75,79
7. Gastos de persoal	-1.184.662,06	-970.492,57	-1.020.564,73
9. Outros gastos da actividade	-414.406,31	-379.821,09	-379.027,33
8. Amortización do inmovilizado	0,00	-102.306,37	-102.306,37
10. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados a excedentes do exercicio	0,00	0,00	0,00
11. Exceso de previsións	0,00	0,00	0,00
12. Deterioro e resultado por alleamento de inmovilizado	0,00	0,00	0,00
<b>A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE(1+1x+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12)</b>	<b>94.000,00</b>	<b>274.940,43</b>	<b>285.772,19</b>
13. Ingresos financeiros	7.000,00	1.921,26	5.268,89
14. Gastos financeiros	-1.000,00	0,00	-35,00
15. Variación do valor razoable en instrumentos financeiros	0,00	0,00	0,00
16. Diferenzas de cambio	0,00	0,00	0,00
17. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros	0,00	0,00	0,00
<b>A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (13+14+15+16+17)</b>	<b>6.000,00</b>	<b>1.921,26</b>	<b>5.233,89</b>
<b>A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A1+A2)</b>	<b>100.000,00</b>	<b>276.861,69</b>	<b>291.006,08</b>
18. Impostos sobre beneficios	0,00	0,00	-60,48
<b>A.4) VAR. DO PATRIMONIO NETO RECOÑECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCICIO (A.3+18)</b>	<b>100.000,00</b>	<b>276.861,69</b>	<b>290.945,60</b>



# DEPUTACIÓN DE LUGO

FUNDACIÓN TIC	PREVISIÓNS INICIAIS 2017	SITUACIÓN FIN TRIMESTRE VENCIDO	31/12/2016
<b>BALANCE</b>			
<b>ACTIVO</b>			
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>	<b>770.652,07</b>	<b>614.108,84</b>	<b>670.652,07</b>
I. Inmovilizado intanxible.	9.985,29	18.973,94	9.985,29
II. Bens do Patrimonio Histórico	0,00	0,00	0,00
III. Inmovilizado material	760.666,78	595.134,90	660.666,78
IV. Inversións inmobiliarias.	0,00	0,00	0,00
V. Inversións en entidades do grupo e asociadas a l/p	0,00	0,00	0,00
VI. Inversións financeiras a l/p	0,00	0,00	0,00
VII. Activos por imposto diferido.	0,00	0,00	0,00
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>	<b>2.568.401,44</b>	<b>2.692.596,44</b>	<b>2.568.401,44</b>
I. Existencias.	0,00	0,00	0,00
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia	480,00	240,00	480,00
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	264.421,14	128.107,10	264.421,14
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a c/p	0,00	0,00	0,00
V. Inversións financeiras a c/p	1.000.000,00	1.000.000,00	1.000.000,00
VI. Periodificacións a c/p	2.443,70	2.214,32	2.443,70
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	1.301.056,60	1.562.035,02	1.301.056,60
<b>TOTAL ACTIVO (A+B)</b>	<b>3.339.053,51</b>	<b>3.306.705,28</b>	<b>3.239.053,51</b>
<b>PATRIMONIO NETO E PASIVO</b>			
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>	<b>2.982.535,65</b>	<b>3.159.397,34</b>	<b>2.882.535,65</b>
A1) Fondos propios	2.982.535,65	3.159.397,34	2.882.535,65
I. Dotación fundacional / Fondo Social	30.000,00	30.000,00	30.000,00
II. Reservas	2.852.535,65	2.852.535,65	2.561.590,05
III. Excedentes de exercicios anteriores	0,00	0,00	0,00
IV. Excedente do exercicio	100.000,00	276.861,69	290.945,60
A2) Axustes por cambios de valor	0,00	0,00	0,00
A3) Subvencións, doazóns e legados recibidos	0,00	0,00	0,00
<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
I. Provisións a l/p	0,00	0,00	0,00
II. Débedas a l/p	0,00	0,00	0,00
1. Débedas con entidades de crédito	0,00	0,00	0,00
2. Acredores por arrendamento financeiro	0,00	0,00	0,00
3. Outras débedas a l/p	0,00	0,00	0,00
III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a l/p	0,00	0,00	0,00
IV. Pasivos por impostos diferidos	0,00	0,00	0,00
V. Periodificación a l/p	0,00	0,00	0,00
<b>C. PASIVO CORRENTE</b>	<b>356.517,86</b>	<b>147.307,94</b>	<b>356.517,86</b>
I. Provisións a c/p	0,00	0,00	0,00
II. Débedas a c/p	176.854,00	1.854,00	176.854,00
1. Débedas con entidades de crédito	0,00	0,00	0,00
2. Acredores por arrendamento financeiro	0,00	0,00	0,00
3. Outras débedas a c/p	176.854,00	1.854,00	176.854,00
III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a c/p	0,00	0,00	0,00
IV. Beneficiarios-acretores	0,00	0,00	0,00
V. Acredores comerciais e outras contas a pagar.	179.663,86	145.453,94	179.663,86
1. Provedores	0,00	0,00	0,00
2. Outros acretores	179.663,86	145.453,94	179.663,86
VI. Periodificacións a c/p	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C+)</b>	<b>3.339.053,51</b>	<b>3.306.705,28</b>	<b>3.239.053,51</b>



A información relativa á análise de estabilidade orzamentaria calculada conforma a normas SEC é como sigue:

**CAPACIDADE/NECESIDADE FINANCIACIÓN NAS CONTAS ANUAIS PROVISIONAIS A 31 DE DECEMBRO DE 2017 DA ENTIDADE  
CONFORME A NORMAS SEC**

<b>FUNDACIÓN TIC</b>	<b>PREVISIÓN DE PECHE FINAL DO EXERCICIO</b>	<b>Observacións</b>
<b>Ingresos non financeiros a efectos de Contabilidade Nacional</b>	<b>1.860.084,76</b>	
Importe neto de cifra negocios	600,00	
Traballos previsto realizar pola empresa para o seu activo	0,00	
Ingresos accesorios e outros ingresos da xestión corrente	0,00	
Subvencións e transferencias correntes	1.857.563,50	
Ingresos financeiros por xuros	1.921,26	
Ingresos de participacións en instrumentos de patrimonio (dividendos)	0,00	
Ingresos excepcionais	0,00	
Aportacións patrimoniais	0,00	
Subvencións de capital previsto recibir	0,00	
<b>Gastos non financeiros a efectos de Contabilidade Nacional</b>	<b>1.480.071,60</b>	
Aprovisionamentos	29.038,94	
Gastos de persoal	970.492,57	
Outros gastos de explotación	379.170,28	
Gastos financeiros e asimilados	0,00	
Imposto de sociedades	364,85	
Outros impostos	650,81	
Gastos excepcionais	0,00	
Variacións do Inmov. material e intanxible; de inv. inmobiliarias; de existencias	45.763,14	
Variac. existencias de pto terminados e en curso de fabricación	0,00	
Aplicación de provisións	0,00	
Aplicación de provisións	0,00	
Axudas, transferencias e subvencións concedidas	54.591,01	
<b>(+) CAPACIDADE / (-) NECESIDADE DE FINANCIAMENTO</b>	<b>380.013,16</b>	



## APLICACIÓN DA REGRA DO GASTO NAS CONTAS ANUAIS A 31 DE DECEMBRO DE 2017 S/ CONTABILIDADE NACIONAL

FUNDACIÓN TIC	PREVISIÓN PECHE FINAL DE EJERCICIO	Observacións
Aprovisionamentos	29.038,94	
Gastos de persoal	970.492,57	
Outros gastos de explotación	379.170,28	
Imposto de sociedades	364,85	
Outros impostos	650,81	
Gastos excepcionais	0,00	
Variacións do Inmov. material e intanxible; de inv. inmobiliarias; de existencias	45.763,14	
Variac. existencias de pto terminados e en curso de fabricación	0,00	
Aplicación de provisións	0,00	
Inversións efectuadas por conta da Entidade Local	0,00	
Axudas, transferencias e subvencións concedidas	54.591,01	
<b>Empregos non financeiros términos SEC excepto xuros da débeda</b>	<b>1.480.071,60</b>	
<b>(-) Pagos por transferencias a outras entidades que integran a Corporación Local</b>	<b>0,00</b>	
<b>(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras AAPP</b>	<b>-193.722,04</b>	
Unión Europea	0,00	
Estado	0,00	
Comunidade Autónoma	0,00	
Deputacións	-193.722,04	
Outras AAPP	0,00	
<b>Gasto computable do exercicio</b>	<b>1.286.349,56</b>	
<b>Límite da regra de gasto para 2017 s/ PEF 2016-2017</b>	<b>1.334.921,19</b>	
<b>Diferenza entre o "límite da regra de gasto" e "gasto computable liquidación 2016"</b>	<b>48.571,63</b>	



## ▪ SUPLUSA:

SUPLUSA	PREVISIONS INICIAIS 2017	SITUACIÓN FIN TRIMESTRE VENCIDO	31/12/2016
<b>ORZAMENTO DE EXPLOTACION</b>			
1. Importe neto da cifra de negocio	1.536.895,29	33.544,88	158.928,54
2. Variación de existencias de ptos. terminados e en curso	0,00	1.276.292,72	506.022,22
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo	0,00	0,00	0,00
4. Aprovisionamentos	-1.213.008,99	-1.927.082,39	-1.090.438,39
5. Outros ingresos de explotación	2.850.932,66	2.293.508,59	3.635.623,54
6. Gastos de persoal	-1.628.758,51	-883.377,41	-1.239.979,02
7. Outros gastos de explotación	-1.536.134,15	-393.934,08	-784.261,63
8. Amortización do inmovilizado	0,00	-130.237,39	-132.260,62
9. Imputación de subv. de inmovilizado non financeiro e outras	0,00	5.917,43	8.768,13
10. Exceso de provisións	0,00	0,00	7.122,14
11. Deterioro e resultado por alleamento de inmovilizado	0,00	-5.052,35	-301,92
11a. Subv. concedidas e transferencias realizadas pola entidade	0,00	0,00	0,00
- ao sector público local de c/ administrativo	0,00	0,00	0,00
- ao sector público local de c/ empresarial ou fundacional	0,00	0,00	0,00
- a outros	0,00	0,00	0,00
12. Outros resultados	0,00	24.792,20	12.372,34
<b>A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+11A+12)</b>	<b>9.926,30</b>	<b>294.372,20</b>	<b>1.081.595,33</b>
13. Ingresos financeiros	40.073,70	16.179,18	28.024,01
14. Gastos financeiros	0,00	0,00	0,00
15. Variación do valor razoable en instrumentos financeiros	0,00	0,00	0,00
16. Diferenzas de cambio	0,00	0,00	0,00
17. Deterioro e resultado por alleamentos de Instr. financeiros	0,00	0,00	0,00
18. Outros ingresos e gastos de carácter financeiros	0,00	0,00	0,00
<b>B) RESULTADO FINANCIERO (13+14+15+16+17+18)</b>	<b>40.073,70</b>	<b>16.179,18</b>	<b>28.024,01</b>
<b>C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B)</b>	<b>50.000,00</b>	<b>310.551,38</b>	<b>1.109.619,34</b>
19. Impostos sobre beneficios	0,00	-1.748,47	-3.153,10
<b>D) RESULTADO DO EXERCICIO (C+19)</b>	<b>50.000,00</b>	<b>308.802,91</b>	<b>1.106.466,24</b>



# DEPUTACIÓN DE LUGO

SUPLUSA	PREVISIONS INICIAIS 2017	SITUACIÓN FIN TRIMESTRE VENCIDO	31/12/2016
<b>BALANCE</b>			
<b>ACTIVO</b>			
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>	<b>3.639.501,32</b>	<b>3.724.118,17</b>	<b>3.589.501,32</b>
I. Inmovilizado intanxible	1.610,32	1.209,97	1.610,32
II. Inmovilizado material	3.637.854,58	3.722.871,78	3.587.854,58
III. Inversións inmobiliarias	0,00	0,00	0,00
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a l/p	0,00	0,00	0,00
V. Inversións financeiras a l/p	36,42	36,42	36,42
VI. Activos por Imposto diferido.	0,00	0,00	0,00
VII. Debedores comerciais non correntes	0,00	0,00	0,00
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>	<b>32.303.088,78</b>	<b>31.108.272,00</b>	<b>32.303.088,78</b>
I. Existencias.	18.344.497,88	19.620.790,60	18.344.497,88
II. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	8.521.993,82	6.331.072,36	8.521.993,82
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos	2.785.198,14	2.714.685,81	2.785.198,14
5. Activos por impuesto corrente	9.668,89	0,00	9.668,89
3. Outros deudores	5.727.126,79	3.616.386,55	5.727.126,79
III. Inversións en empresas do grupo e asociadas a c/p	0,00	0,00	0,00
IV. Inversións financeiras a c/p	0,00	0,00	0,00
V. Periodificacións a c/p	10.854,28	0,00	10.854,28
VI. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	5.425.742,80	5.156.409,04	5.425.742,80
<b>TOTAL ACTIVO (A+B)</b>	<b>35.942.590,10</b>	<b>34.832.390,17</b>	<b>35.892.590,10</b>
<b>PATRIMONIO NETO E PASIVO</b>			
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>	<b>26.180.122,30</b>	<b>27.167.545,48</b>	<b>26.130.122,30</b>
A1) Fondos propios	20.108.647,41	20.354.645,57	20.058.647,41
I. Capital	900.000,00	900.000,00	900.000,00
II. Prima de emisión	0,00	0,00	0,00
III. Reservas	19.158.647,41	19.145.842,66	18.052.181,17
IV. (Accións e partic. en patrimonio propias)	0,00	0,00	0,00
V. Resultado de exercicios anteriores	0,00	0,00	0,00
VI. Outras aportacións de socios	0,00	0,00	0,00
VII. Resultado do exercicio	50.000,00	308.802,91	1.106.466,24
VIII. (Dividendo a conta)	0,00	0,00	0,00
A2) Axustes no patrimonio neto	0,00	0,00	0,00
A3) Subvencións, doazóns e legados recibidos	6.071.474,89	6.812.899,91	6.071.474,89
<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>	<b>6.030.533,86</b>	<b>4.885.827,74</b>	<b>6.030.533,86</b>
I. Provisións a l/p	0,00	0,00	0,00
II. Débedas a l/p	4.006.173,03	2.614.861,10	4.006.173,03
1. Débedas con entidades de crédito	0,00	0,00	0,00
2. Acredores por arrendamento financeiro	0,00	0,00	0,00
3. Outras pasivos financeiros a l/p	4.006.173,03	2.614.861,10	4.006.173,03
III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a l/p	0,00	0,00	0,00
IV. Pasivos por impostos diferidos	2.024.360,83	2.270.966,64	2.024.360,83
V. Periodificacións a l/p	0,00	0,00	0,00
VI. Acredores comerciais non correntes	0,00	0,00	0,00
VII. Débedas con características especiais a l/p	0,00	0,00	0,00
<b>C. PASIVO CORRENTE</b>	<b>3.731.933,94</b>	<b>2.779.016,95</b>	<b>3.731.933,94</b>
I. Provisións a c/p	0,00	138.037,34	0,00
II. Débedas a c/p	3.403.996,52	2.192.120,10	3.403.996,52
1. Débedas con entidades de crédito	0,00	0,00	0,00
2. Acredores por arrendamento financeiro	0,00	0,00	0,00
3. Outras débedas a c/p	3.403.996,52	2.192.120,10	3.403.996,52
III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a c/p	0,00	0,00	0,00
IV. Acredores comerciais e outras contas a pagar.	327.937,42	448.859,51	327.937,42
1. Proveedores	20.943,45	72.838,88	20.943,45
2. Acredores varios	26.301,75	376.020,63	26.301,75
6. Outras deudas coas AAPP	133.755,85	0,00	133.755,85
7. Anticipos de clientes	146.936,37	0,00	146.936,37
V. Periodificacións a c/p	0,00	0,00	0,00
VI. Débeda con características especiais a c/p	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C+)</b>	<b>35.942.590,10</b>	<b>34.832.390,17</b>	<b>35.892.590,10</b>



**CAPACIDADE/NECESIDADE FINANCIACIÓN NAS CONTAS ANUAIS PROVISIONAIS A 31 DE DECEMBRO DE 2017 DA ENTIDADE  
CONFORME A NORMAS SEC**

<u>SUPLUSA</u>	PREVISIÓN DE PECHE A FINAL DE EXERCICIO 2017	Observacións
<b>Ingresos a efectos de Contabilidade Nacional</b>	<b>2.914.905,90</b>	
Importe neto de cifra negocios	33.544,88	
Traballos previsto realizar pola empresa para o su activo	0,00	
Ingresos accesorios e outros ingresos da xestión corrente	0,00	
Subvencións e transferencias correntes	2.828.068,31	
Ingresos financeiros por xuros	16.179,18	
Ingresos de participacións en instrumentos de patrimonio (dividendos)	0,00	
Ingresos excepcionais	37.113,53	
Aportacións patrimoniais	0,00	
Subvencións de capital	0,00	
<b>Gastos a efectos de Contabilidade Nacional</b>	<b>3.488.083,99</b>	
Aprovisionamentos	1.927.082,39	
Gastos de persoal	883.377,41	
Outros gastos de explotación	393.934,08	
Gastos financeiros e asimilados	0,00	
Imposto sociedades	1.462,19	
Gastos excepcionais	12.573,22	
Variacións do Inmov. material e intanxible; de inv. inmobiliarias; de existencias	269.654,70	
Variac. existencias de pto terminados e en curso de fabricación	0,00	
Aplicación de provisións	0,00	
Aplicación de provisións	0,00	
Axudas, transferencias e subvencións concedidas	0,00	
<b>(+) CAPACIDADE / (-) NECESIDADE DE FINANCIAMENTO</b>	<b>-573.178,09</b>	



## APLICACIÓN DA REGLA DO GASTO NAS CONTAS ANUAIS PROVISIONAIS A 31 DE DECEMBRO DE 2017 S/ CONTABILIDADE NACIONAL

<u>SUPLUSA</u>	PREVISIÓN PECHE FINAL DE EXERCICIO	Observacións
Aprovisionamentos	1.927.082,39	
Gastos de persoal	883.377,41	
Outros gastos de explotación	393.934,08	
Imposto de sociedades	1.462,19	
Outros impostos	0,00	
Gastos excepcionais	12.573,22	
Variacións do Inmov. material e intanxible; de inv. inmobiliarias; de existencias	269.654,70	
Variac. existencias de pto terminados e en curso de fabricación	0,00	
Aplicación de provisións	0,00	
Inversións efectuadas por conta da Entidade Local	0,00	
Axudas, transferencias e subvencións concedidas	0,00	
<b>Empregos non financeiros términos SEC excepto xuros da débeda</b>	<b>3.488.083,99</b>	
<b>(-) Pagos por transferencias a outras entidades que integran a Corporación Local</b>	<b>0,00</b>	
<b>(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras AAPP</b>	<b>-338.051,73</b>	
Unión Europea	0,00	
Estado	0,00	
Comunidade Autónoma	0,00	
Deputacións	-338.051,73	
Outras AAPP	0,00	
<b>Gasto computable do exercicio</b>	<b>3.150.032,26</b>	
<b>Límite da regra de gasto 2017 s/ PEF 2016-2017</b>	<b>5.131.247,44</b>	
<b>Diferenza entre o "límite da regra de gasto 2017 S/ PEF 16-17" e "gasto computable liquidación 2017"</b>	<b>1.981.215,18</b>	

▪ RESUMO DA ANÁLISE:

Consolidando os 4 entes a análise de estabilidade orzamentaria e do grao de cumprimento da regra do gasto na liquidación provisional a 31-12-2017 e a seguinte:

Entidade	Estimación DRN/ORN a final do exercicio		Axuste SEC		(importes en €)
	Ingreso non financeiro <sup>1</sup>	Gasto non financeiro <sup>1</sup>	Axustes propia Entidade	Axustes por operacións internas	
DEPUTACION DE LUGO	80.022.714,13	81.540.591,41	2.746.591,66	0,00	1.228.714,38
SUPLUSA	2.914.905,90	3.488.083,99	0,00	0,00	-573.178,09
CONSORCIO BOMBEIROS	4.979.748,42	4.732.724,91	-8.150,91	0,00	238.872,60
FUNDACIÓN TIC	1.860.084,76	1.480.071,60	0,00	0,00	380.013,16

<sup>(1)</sup> Si a entidade ten orzamento limitativo corresponderase coas estimacións a final de exercicio das DRN/ORN dos capítulos 1 a 7. Si a entidade ten contabilidade empresarial corresponderá cos gastos e ingresos no financeiros

<b>Capacidade/ Necesidade Financiamento da Corporación Local a nivel consolidado</b>	<b>1.274.422,05</b>
--	---------------------

A entidade, a nivel consolidado, cumpre co obxectivo da estabilidade orzamentaria.

Entidade	Gts. Computable Liq. 2016 (I)	(II) = (I) * (1+TRCPIB)	Aum. / dism. (art. 12.4) (III)	Inversións financeiramente sustentables (IV)	Límite da regra de gasto (V = II + III)	Gasto computable previsión Liq. 2017 (V)
DEPUTACION DE LUGO	66.415.838,31	67.810.570,91	-610.646,05	3.153.897,29	67.199.924,86	68.631.975,40
SUPLUSA	2.132.460,75	2.177.242,43	0	0,00	2.177.242,43	3.150.032,26
CONSORCIO BOMBEIROS	4.710.994,00	4.809.924,87	0	0,00	4.809.924,87	4.740.874,91
FUNDACIÓN TIC	1.303.856,07	1.331.237,05	0	0,00	1.331.237,05	1.286.349,56
<b>TOTAL DO GASTO COMPUTABLE</b>	<b>74.563.149,13</b>	<b>76.128.975,26</b>	<b>-610.646,05</b>	<b>3.153.897,29</b>	<b>75.518.329,21</b>	<b>77.809.232,13</b>

(II) Tasa de referencia de crecemento do produto Interior Bruto para o exercicio 2017 é do 2,1 %.

(V) Restado o importe das inversións financeiramente sostibles 2017.

Diferenza entre o "Límite da regra do gasto s/ liquidación 2016" e o "Gasto computable previsión Liquidación 2017"

-2.290.902,92



A entidade, a nivel consolidado, non cumpre co obxectivo da regra do gasto de acordo coa LO 2/2012. Esta valoración é sen perxuízo do cumprimento ou incumprimento co establecido no Plan Económico Financeiro 2016-2017, que se realiza a continuación.

O artigo 12.1 da LO 2/2012 establece que "cando exista un desequilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda superior ao obxectivo establecido, o crecemento do gasto público computable axustarase á senda establecida nos respectivos Planes Económicos-Financeiros e de reequilibrio previstos nos artigos 21 e 22 desta lei".

Esta entidade ten aprobado un Plan Económico - Financeiro 2016-2017, por incumprimento da regra de gasto na liquidación 2015, cuxo obxectivo e volver á senda do cumprimento da citada regra na liquidación do exercicio 2017, establecendo para o exercicio 2017 un límite de gasto de 78.655.015,40 €, polo que se realiza a seguinte análise:

Entidade	Límite da regra de gasto para 2017 s/ PEF 2016-2017 (I)	Aum/disminuc. (art 12.4) (II)	Inversións financeiramente sustentables (III)	Límite da regra de gasto (IV = I + II)	Gasto computable previsión Liq. 2017 (V)
DEPUTACION DE LUGO	67.339.573,76	-610.646,05	3.153.897,29	66.728.927,71	68.631.975,40
SUPLUSA	5.131.247,44	0	0,00	5.131.247,44	3.150.032,26
CONSORCIO BOMBEIROS	4.849.273,01	0	0,00	4.849.273,01	4.740.874,91
FUNDACIÓN TIC	1.334.921,19	0	0,00	1.334.921,19	1.286.349,56
<b>TOTAL DO GASTO COMPUTABLE</b>	<b>78.655.015,40</b>	<b>-610.646,05</b>	<b>3.153.897,29</b>	<b>78.044.369,35</b>	<b>77.809.232,13</b>

(V) Restado o importe das inversións financeiramente sostibles 2017.

Diferenza entre o "Límite da regra do gasto s/ PEF 2016-2017" e o "Gasto computable previsión Liquidación 2017" 235.137,22

SEGUIMIENTO DO PLAN ECONOMICO FINANCIERO 2016-2017	Importe
<b>DATOS DA PREVISIÓN LIQUIDACIÓN 2017:</b>	
(A) Capacidade/Necesidade Financiamento da corporación local	1.274.422,05
(B) Diferenza entre "Límite da Regra de Gasto" e o "Gasto computable"	235.137,22





SEGUIMIENTO DO PLAN ECONOMICO FINANCEIRO 2016-2017	Importe
<b>DATOS DO PLAN ECONOMICO FINANCEIRO 2016-2017:</b>	
(D) 3.1 Estabilidade Orzamentaria: Capacidade/necesidade financiamento do PEF para o exercicio 2017	11.329.277,10
(E) 3.2 Regra de Gasto: Cumprimento/incumprimento da Regra de Gasto no PEF 2017	312.569,99
<b>DATOS CALCULADOS:</b>	
(F) =(A)-(D) Cumprimento/incumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria fixado polo PEF para 2017	-10.054.855,05
(G)= (B)-(E) Cumprimento/incumprimento do obxectivo de Regra de Gasto fixada polo PEF para o período 2017	-77.432,77

**En conclusión,** a entidade a nivel consolidado cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e de regra de gasto na liquidación provisional a 31 de decembro de 2017, e polo tanto, co Plan Económico Financeiro 2016-2017, se ben con importes inferiores aos calculados no citado Plan.

## **II) DÉBEDA PÚBLICA:**

A 31 de decembro de a Deputación de Lugo cumpre cos límites de débeda pública a nivel consolidado, segundo se amosa na seguinte información (segundo a Disposición final 31 da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2013):

. Débeda viva con entidades financeiras a 31-12-2017 .....	15.000.000,00 €
. Débeda viva por operacións de factoring sen recurso .....	38.429,00 €
. Débeda viva co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a 31-12-2017 .....	794.250,35 €
<b>Total débeda viva a 31-12-2017.....</b>	<b>15.832.679,35 €</b>
. Dereitos recoñecidos netos por op. correntes na liquidación do orzamento de 2016 (nivel consolidado).....	
	84.628.852,90 €
. Nivel de endebedamento a 31-12-2017 sobre dereitos recoñecidos netos por op. correntes na liquidación do orzamento de 2016 .....	
	18,71 %



. Operacións de tesourería .....	Non existen
. Aforro bruto a nivel consolidado a 31-12-2017 .....	28.594.073,76 €
. Aforro neto a nivel consolidado 31-12-2017 .....	28.477.957,42 €
. Aforro neto deducidas as obrigas financiadas con remanente líquido de tesourería (11.388.737,87 €) .....	39.866.695,29 €

**III) PERIODO MEDIO DE PAGO:**

Os datos de morosidade da Deputación de Lugo e os seus entes dependentes en relación co cumprimento de prazos da Lei 15/2010, do 4º trimestre de 2017 son os seguintes:

Pagos realizados no periodo	Periodo Medio de Pago (PMP)	Dentro Periodo Legal Pago		Fora Periodo Legal Pago	
		Nº pagos	Importe	Nº Pagos	Importe
DEPUTACION DE LUGO	51,76	1.031	4.563.828,20	207	2.143.167,20
CONSORCIO BOMBEIROS	26,10	17	9.497,07	1	1.413,34
FUNDACIÓN TIC	18,1	60	46557,35	0	0
SUPLUSA	15,13	174	852.730,91	7	35.953,25

Xuros de mora pagados no periodo	Nº pagos	Importe total xuros
DEPUTACION DE LUGO	0	0,00
CONSORCIO BOMBEIROS	0	0,00
FUNDACIÓN TIC	0	0,00
SUPLUSA	0	0,00



Facturas o documentos xustificativos pendentes de pago ao final do periodo	Periodo Medio de Pago Pendente(PMPP)	Dentro Periodo Legal Pago ao final do periodo		Fora Periodo Legal Pago ao final do periodo	
		Nº operacións	Importe	Nº operacións	Importe
DEPUTACION DE LUGO	82,35	453	1.462.585,37	150	664.633,51
CONSORCIO BOMBEIROS	0,64	2	16.302,62	1	3.782,76
FUNDACIÓN TIC	16,34	22	39.974,44	0	0,00
SUPLUSA	8,63	31	128.563,74	0	0,00

O período medio de pago global a provedores en termos económicos correspondente ao mes de decembro de 2017 da Deputación de Lugo e os seus entes dependentes segundo a metodoloxía prevista no Real decreto 635/2014, de 25 de xullo é o seguinte:

Entidade	Ratio op. Pagadas	Importe pagos realizados	Ratio op. Pendentes	Importe pagos pendentes	PMP
DEPUTACION DE LUGO	20,61	1.658.098,04	41,86	2.083.821,97	32,44
CONSORCIO BOMBEIROS	-9,86	394.205,23	129,64	20.085,38	-3,10
FUNDACIÓN TIC	-26,73	1.567,98	-8,42	57.956,24	-8,90
SUPLUSA	63,51	42.635,03	-21,37	128.563,74	-0,23
<b>PMP GLOBAL</b>		<b>2.096.506,28</b>		<b>2.290.427,33</b>	<b>27,25</b>

Lugo, a 31 de xaneiro de 2017.

A interventora xeral,




Rosa Abelleira Fernández

